


MEMORIA Lembranza da escritora recentemente falecida cando se fan dez anos que a AELG homenaxeou a Neira Vilas co 'Escritor na súa Terra'

Anisia, 1999



Anisia Miranda, pola esquerda, Luz Pozo Garza, Manuel María, Agrelo Hermo (atrás), Vidal Villaverde, Neira Vilas, Bernardino Graña e Méndez Ferrín

MANUEL
VIDAL
VILLAVERDE

Recordo como se fose o ano do enunciado aló na carballeira de Gres, chovía arreo, a deus dos mundos a dar auga. Fomos para alá Luís Sebio Peña, Rosa Garrido Burgo, Xosé Luís Méndez Ferrín e este que subscribe esta inútil ou desinútil memoria. Cando saímos de Vigo apenas choviscaba, creo, se mal non recordo, que eran os últimos días de outubro, e AELG ía celebrar o *Escritor na súa Terra*. Todas e todos estábamos alá, n'As Cruces e non Vila de Cruces como me explicaba a min Porto Matalobos. Esta é unha crónica a retropetido, arre-

dor do tempo e da resistencia da memoria. A cromatopsia ulía en derredor da choiva e da devesa.

Do fondo chegaba un ar de azulada memoria, unha díse de últimos nos fiúnchos e rigor místico de padrairo e cinamomo. O tempo gris como unha canción de esquecemento. Estaba alí Suso Vaamonde e xa ferido de morte veu pór-nos ao abeiro do seu paraugas, ou parachuvas. Non escampou nin houbo raxeira, non houbo ren.

As campás cabos do río ulían a tempo e día de Bastavales. Na Casa de Consistorio non collía un alfinete, aí fun a derradeira vez que vin a Pepe Cuíña, xa case escanaveirado. O tempo vivía nas estremas, nas decisións inúti-

les de si. O tempo, sempre o tempo, como unha canción inútil e dispersa. Outubrosemester e silente, desacontecer para volver a acontecer. De aquí alá, despois dunha

**"AGORA O TEMPO
É O DESTINO, AS
PALABRAS APENAS
HABITADAS"**

lectura no Concello das Cruces, fomos a Casa Castro, a de Manolo, creo que falamos Ferrín, Alonso Montero, Bernardino Graña, o propio Neira Vilas, Anisia Miranda, Luz Pozo Garza, e unhas palabras certamente humildes deste que

subscribe esta memoria. Ulía a lirios silvestres, arrecendía a incendio de voces, palabras e sentimento de poesía. Non deixou de falar Anisia Miranda cando estábamos a punto de rematar a obra.

Na rebotica da taberna fomos dar unhas palabras por solto e amizade. Meus deus, cantos mortos! Velaí a Anisia a carón de Luz Pozo Garza, cunhas flores na man florida, Manuel María, Agrelo Hermo, este que asina as palabras e así. Agora o tempo é o destino, as palabras apenas habitadas, o tempo encollido, a inutilidade sobardando o desiderato do progreso, ao tempo que outrora foi calor e entullo. Tempo do tempo nesta historia, corazón a choiva e campo aberto. •